



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE "Club Patinaxe Aehde Carballiño" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019.**

*O CARBALLIÑO, 19 DE DECEMBRO DE 2019.*

#### REUNIDOS

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde - Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D<sup>a</sup> **Eugenio Álvarez Centeno** con DNI **34972733-Z** en representación da entidade deportiva **CLUB DE PATINAXE AEHDE CARBALLIÑO** con CIF **G-32440828** con domicilio na rúa Alberto Vilanova s/n (Señorín) do Carballiño actuando en nome e representación da mesma.

#### MANIFESTAN

I. Que o Club AEHDE CARBALLIÑO está adicado á promoción, fomento e á competición deportiva dentro do deporte do patinaxe sendo a comarca do Carballiño onde desenvolve a súa actividade que a parte do carácter competitivo desenvolve a tarefa promoción do deporte do patinaxe así como a de promoción da vila do Carballiño como organizador de diferentes eventos deportivos na propia vila:

- Copa de España de freestyle.
- III Vila do Arenteiro de patinaxe artística
- I Terras do Orcellón de grupos shw
- II Copa Deputación de patinaxe de velocidade
- Gala da Festa do Pulpo (esplanada da Veracruz)
- Gala de fin de curso da escola de patinaxe do Carballiño
- Gala de Nadal da escola de patinaxe do Carballiño.
- Campus de Verán de patinaxe.

Tamén inclúe no seu programa deportivo actividades competitivas, participando en diferentes torneos de categoría autonómica, nacional e internacional, e formativas dirixidas a formación continua dos nenos/os e adultos que forman parte deste club polo cal se pode considerar que ademais de club de carácter competitivo, tamén desenvolve a función escola deportiva de carácter educativa e formativa.

- II. Que o Concello considera que o labor que realiza este club é primordial para o desenvolvemento desta disciplina deportiva. É unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, e fai unha importante labor de promoción turística do Concello do Carballiño movendo masa social de fora das fronteiras da comarca do Arenteiro como organizadores de eventos deportivos de carácter nacional.
- III. É de interese público, o cal supón unha promoción das actividades deportivas formativas e competitivas o tratarse da organización e execución de actividades organizativas, competitivas a través do deporte do patinaxe
- IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.
- V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.





VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2019** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
<b>341.12.480.02</b>	<b>CLUB DE PATINAXE AEHDE CARBALLIÑO</b>	<b>6.500 €</b>

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓNS.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva competitiva do club que consiste na realización de actividades de fomento do deporte e a práctica deportiva con carácter formativo e competitivo dentro do deporte do patinaxe "Actividades e demais gastos competitivos e formativos para a tempada 2018/2019".

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **6.500 €**, (seis mil cincocentos euros) que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do "subprograma 341.11", "Promoción e fomento do deporte", polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o *exercicio económico 2019*.

### 3. PERÍODO SUBVENCIONABLE.


Este acordo contempla a execución de actividades deportivas durante a tempada *2018 – 2019*, que comprende o período que vai entre **1 de agosto de 2018 ata o 31 de xullo de 2019** que se inclúen dentro da partida orzamentaria do ano 2019.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:





- A. Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.
- I. Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

## 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, e dado que o Concello non vai subvencionar os premios en metálico, o importe do gasto subvencionable ascende a **20.187,76 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **6.500,00 €**, esta representa un **32,20 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificadas correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.





b) Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do período subvencionable e ata a finalización do período de xustificación determinado no presente convenio. A data de finalización do período de xustificación establécese como límite máximo o 20-12-2019.

## 7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o abono da subvención outorgada.

Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:

- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.

- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable), e con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.

- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TC's, cartas de pago, etc.). Así como os documentos bancarios no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento das mesmas e tendo en conta que so se admitirán pagos en metálico a provedores como máximo de 300 € por factura e a suma de todos os pagos en metálico non poden superar os 1.000 euros.

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño. Se non se acredita a publicidade, procederase a minoración da axuda concedida, polo importe determinado no presente convenio.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.

Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada. A subvención representa o **32,20 %** do total do proxecto presentado e subvencionado. A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión consistente na compra ou adquisición de vehículos, mobiliario e calquera tipo de inmovilizado.

## 8. FORMA DE PAGO.

O abono do total da subvención (**6.500,00 €**) farase efectivo unha vez asinado o convenio por ambas partes e publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e despois da presentación da correspondente conta xustificativa, segundo o establecido na cláusula 7, e unha vez aprobada esta polo órgano competente do Concello do Carballiño.

Este club ó ter carácter competitivo poderá imputar gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (Exercicio\_2018), pero sempre dentro do período da tempada competitiva que como xa reflectimos anteriormente comprende dende 1 de agosto do ano anterior ó 31 xullo do ano seguinte segundo necesidades do calendario competitivo do ano ó que se lle vai a aplicar a partida orzamentaria para este fin, que neste caso o período subvencionable será de *1 de agosto de 2018 ata o 31 de xullo do ano 2019*.



## 9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xenere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

## 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

## 11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE



O PRESIDENTE  
DO CLUB DE PATINAXE AEHDE CARBALLIÑO